

PRIMEIRA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (ACTUALMENTE CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL) E AS UNIVERSIDADES DA CORUÑA, SANTIAGO DE COMPOSTELA E VIGO PARA REFORZO DE PERSOAL DE XESTIÓN DA TRANSFERENCIA E A INNOVACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE ESTRUTURAS DE INVESTIGACIÓN

Santiago de Compostela [data/sinatura dixital]

REUNIDOS

Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (en adiante, a Consellería), nomeado mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG núm. 73 do 14.04.2024), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

Ricardo José Cao Abad, reitor magnífico da Universidade da Coruña (UDC), nomeado mediante o Decreto 1/2024, do 11 de xaneiro (DOG núm. 10, do 15 de xaneiro de 2024), en representación desta, e en virtude das facultades que lle confire o artigo 50.1 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario.

Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (USC), nomeado mediante o Decreto 35/2022, do 17 de marzo (DOG núm. 56, do 22 de marzo), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 50.1 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario.

Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor magnífico da Universidade de Vigo (UVigo), nomeado mediante o Decreto 110/2022, do 9 de xuño (DOG núm. 117, do 20 de xuño) en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 50.1 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario.

Interveñen en nome e representación dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- As universidades que integran o Sistema Universitario de Galicia (SUG) son entes que forman parte do sector público institucional que, xunto coa misión docente, realizan actividades de investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, o que as configura como un dos principais axentes xeradores de coñecemento en Galicia.

O impulso da actividade investigadora é un obxectivo irrenunciable para calquera sociedade, por iso é necesario fomentar unha maior integración entre as universidades e os sectores produtivos, incidir na cultura de calidade e eficacia na utilización de infraestruturas e do capital humano que permitan unha mellora significativa na totalidade dos sectores produtivos e, a súa vez, a potenciación dunha universidade galega de calidade.

No ámbito universitario, o persoal de xestión da transferencia e a innovación, constitúe unha panca básica para potenciar os resultados das actividades investigadoras. O obxectivo destas axudas é incentivar a contratación laboral de persoal técnico de apoio en organismos de investigación e a dar soporte no manexo de equipos, instalacións e infraestruturas de I+D+i a fin de incrementar e mellorar as prestacións e rendemento das infraestruturas científico-tecnolóxicas.

Estas unidades deben ser reforzadas para poder cumprir os obxectivos aos que se enfrontan na actualidade.

SEGUNDO.- A Secretaría Xeral de Universidades é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinanzas universitarias correspondentes á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional en relación coas atribuídas polo artigo 31 do Estatuto de Autonomía para Galicia. A Secretaría Xeral de Universidades, de acordo coas competencias que lle outorgou o Decreto 138/2024, do 20 de maio (DOG núm. 101, do 27 de maio de 2024), de estrutura orgánica da Consellería, debe velar pola promoción e xestión eficiente e integradora dos recursos e capacidades de investigación do SUG para a súa posta en valor no marco do sistema de innovación e, particularmente, a promoción da coordinación das universidades galegas no establecemento de programas, infraestruturas e actuacións en materia de investigación.

TERCEIRO.- A Consellería e as universidades públicas galegas coinciden en salientar a necesidade de fomentar accións que conduzan ao desenvolvemento dos servizos para a xestión do coñecemento científico e a valorización e proxección económica das actividades e resultados da súa investigación.

Polo anteriormente exposto, o 11 de outubro do ano 2023, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional) e as Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo asinaron un convenio para o reforzo do persoal de xestión da transferencia e a innovación e consolidación de estruturas de investigación, e que ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración, no período 2023-2026, entre a Consellería e as tres universidades públicas do SUG para executar accións destinadas ao desenvolvemento e consolidación dos Servizos Xerais de Apoio á Investigación.

CUARTO.- A dotación da Consellería para este convenio é de dezaioito millóns setecentos noventa e oito mil cento vinte euros (18.798.120,00 €), distribuídos en catro anualidades, con cargo ao Plan galego de financiamento universitario 2022-2026 (aprobado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16 de

decembro de 2021, DOG número 248, do 28 de decembro), aplicación orzamentaria 10.03.561B.444.0 (código de proxecto 2016 00129).

Os fondos distribuíronse tendo en conta as necesidades de persoal manifestadas polas universidades públicas do SUG en base ao criterio "Porcentaxe de persoal docente e investigador (PDI)" de cada universidade no curso 2020-21.

Segundo os datos do Sistema integrado de información universitaria (SIIU) empregados no convenio asinado, a Universidade da Coruña representa o 28,17% do PDI; a Universidade de Santiago de Compostela o 40,32%; e a Universidade de Vigo, o 31,51%.

Con todo o exposto, a distribución dos fondos entre as tres universidades establecidas no convenio é a recollida na seguinte táboa:

Universidade	Ano 2023	Ano 2024	Ano 2025	Ano 2026	TOTAL
UDC	1.323.857,60	1.323.857,60	1.323.857,60	1.323.857,60	5.295.430,40
USC	1.894.850,50	1.894.850,50	1.894.850,50	1.894.850,50	7.579.401,98
UVigo	1.480.821,90	1.480.821,90	1.480.821,90	1.480.821,90	5.923.287,61
TOTAL	4.699.530,00	4.699.530,00	4.699.530,00	4.699.530,00	18.798.120,00

QUINTO.- A cláusula novena do Convenio prevé a posibilidade de modificación que deberá figurar por escrito.

Entre os meses de xullo e setembro de 2024, a UDC, a USC e a UVIGO presentan á Consellería, cada unha delas, propostas de addenda ao convenio que inclúen novas necesidades non contempladas no convenio inicial coa finalidade de incrementar os importes nos conceptos subvencionables para as anualidades 2024, 2025 e 2026 e dar cobertura ás devanditas necesidades.

As modificacións solicitadas supoñen, entre as tres propostas presentadas, un incremento total dunha contía por importe de **900.000,01 €**, pasando dunha dotación inicial total do convenio de 18.798.120,00 € a incrementarse ata a cantidade total de 19.698.120,01 €.

A distribución dos importes da addenda por anualidades e universidades será a seguinte:

**ADDENDA AO CONVENIO REFORZO PERSOAL XESTIÓN DA TRANSFERENCIA
E A INNOVACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE ESTRUTURAS DE INVESTIGACIÓN
2023-2026**

	2024 Addenda	2025 Addenda	2026 Addenda	
Universidade				TOTAL ADDENDA
UDC	20.940,80 €	128.158,08 €	104.431,12 €	253.530,00 €
USC	51.577,78 €	160.726,45 €	150.575,78 €	362.880,01 €
UVIGO	0,00 €	133.590,00 €	150.000,00 €	283.590,00 €
TOTAL	72.518,58 €	422.474,53 €	405.006,90 €	900.000,01 €

En consideración ao exposto, as partes abaixo asinantes acordan subscribir a presente addenda ao convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto da Addenda

A presente addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional) e as tres Universidades públicas do SUG para executar accións destinadas ao desenvolvemento e consolidación dos Servizos Xerais de Apoio á Investigación no período 2023-2026, ten por obxecto realizar un reaxuste económico do convenio coa finalidade de incrementar/reaxustar a achega económica das accións contempladas neste, para as anualidades 2024, 2025 e 2026.

O axuste supón modificar as anualidades 2024, 2025 e 2026 incrementando a achega económica da Xunta de Galicia nun importe total para as 3

universidades de **900.000,01 €**, pasando dunha dotación inicial total do convenio de 18.798.120,00 € a incrementarse ata a cantidade de 19.698.120,01 €.

As modificacións propostas afectan ao ámbito de actuación: Actuación 1.- Servizos de Apoio á Xestión da transferencia e a innovación das universidades públicas do SUG.

As unidades de destino ou número de contratos novos a financiar serían os seguintes:

UDC - Centro de Investigación ou Servizos centrais de Investigación (con funcións de apoio a centros CIGUS)	Nº aproximado de contratos
ESCI – Vicexerencia de xestión da investigación	1
ESCI – Rede de centros e unidades I+D+i	2
ESCI – Oficina de Proxectos Internacionais	1
Total	4

USC - Área de traballo	Nº aproximado de contratos
Coordinación centros CIGUS	3
Transferencia e Emprendemento CIMUS	1
Total	4

UVIGO- Área de traballo (con funcións de apoio a centros CIGUS)	Nº aproximado de contratos
Vicerreitorado de Investigación, Transferencia e Innovación	3
Vicerreitorado de Investigación, Transferencia e Innovación (tarefas informáticas)	1
Total	4

No anexo a esta addenda descríbese o perfil do persoal dos novos contratos de reforzo das estruturas de investigación.

SEGUNDA.- Distribución dos fondos e orzamento

Os fondos distribuiranse tendo en conta as necesidades de persoal manifestadas polas universidades públicas do SUG en base ao criterio "Porcentaxe de persoal docente e investigador (PDI)" de cada universidade no curso 2020-21.

Segundo os datos do Sistema integrado de información universitaria (SIIU) empregados no Convenio, a Universidade da Coruña representa o 28,17% do

PDI; a Universidade de Santiago de Compostela o 40,32%; e a Universidade de Vigo, o 31,51%.

Á vista do anterior, e tendo en conta a dispoñibilidade económica e o reparto entre as tres universidades públicas do SUG, realízase unha addenda ao convenio baseada nas necesidades descritas.

A distribución anual dos importes do convenio entre as universidades, coas modificacións da addenda, quedará como segue:

CONVENIO + ADDENDA PARA REFORZO PERSOAL XESTIÓN DA TRANSFERENCIA E A INNOVACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE ESTRUTURAS DE INVESTIGACIÓN 2023-2026					
ANUALIDADE	UNIVERSIDADE	UDC	USC	UVIGO	TOTAL
2023	Convenio	1.323.857,60 €	1.894.850,50 €	1.480.821,90 €	4.699.530,00 €
2024	Convenio	1.323.857,60 €	1.894.850,50 €	1.480.821,90 €	4.699.530,00 €
	Addenda	20.940,80 €	51.577,78 €	0,00 €	72.518,58 €
	total	1.344.798,40 €	1.946.428,28 €	1.480.821,90 €	4.772.048,58 €
2025	Convenio	1.323.857,60 €	1.894.850,50 €	1.480.821,90 €	4.699.530,00 €
	Addenda	128.158,08 €	160.726,45 €	133.590,00 €	422.474,53 €
	total	1.452.015,68 €	2.055.576,95 €	1.614.411,90 €	5.122.004,53 €
2026	Convenio	1.323.857,60 €	1.894.850,50 €	1.480.821,90 €	4.699.530,00 €
	Addenda	104.431,12 €	150.575,78 €	150.000,00 €	405.006,90 €
	total	1.428.288,72 €	2.045.426,28 €	1.630.821,90 €	5.104.536,90 €
TOTAL CONVENIO		5.295.430,40 €	7.579.402,00 €	5.923.287,60 €	18.798.120,00 €
TOTAL ADDENDA		253.530,00 €	362.880,01 €	283.590,00 €	900.000,01 €
TOTAL CONVENIO + ADDENDA 2023-2026		5.548.960,40 €	7.942.282,01 €	6.206.877,60 €	19.698.120,01 €

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional reaxustará os importes dos conceptos establecidos no convenio inicial, incrementando as cantidades para as anualidades 2024, 2025 e 2026 nunha contía global de novecentos mil euros cun céntimo (900.000,01 €), distribuídos en tres anualidades con cargo a aplicación orzamentaria 37.02.561B.444.0 (2016 00129) do Plan galego de financiamento universitario 2022-2026 (aprobado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16 de decembro de 2021, DOG número 248, do 28 de decembro).

Esta cantidade de 900.000,01 euros trátase dun importe certo, e queda por conta das partes beneficiarias a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considéranse gastos subvencionables aqueles que, de modo indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada. Concretamente, con cargo a esta addenda financiaranse exclusivamente contratos de persoal técnico de apoio vinculados aos servizos de investigación, xestión da transferencia e a innovación, ou ao reforzo das estruturas de investigación, nas tres universidades públicas do SUG.

A contía total do convenio e maila addenda queda segundo se indica a continuación:

	2023	2024	2025	2026	Total
Convenio	4.699.530,00 €	4.699.530,00 €	4.699.530,00 €	4.699.530,00 €	18.798.120,00 €
1ª Addenda	0	72.518,58 €	422.474,53 €	405.006,90 €	900.000,01 €
Total	4.699.530,00 €	4.772.048,58 €	5.122.004,53 €	5.104.536,90 €	19.698.120,01 €

TERCEIRA.- Condicións

Esta addenda supón un incremento da contía do Convenio, para as anualidades 2024, 2025 e 2026 segundo as contías establecidas na cláusula segunda.

A sinatura desta addenda non afecta á vixencia do convenio (31 de decembro de 2026).

Esta addenda rexerase polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante del. Así mesmo, cabe sinalar que debe incorporarse o logotipo da Xunta de Galicia nun lugar destacado de tódolos bens, produtos, servizos, actos, documentación, materiais de difusión etc., tanto físicos como virtuais, financiados total ou parcialmente con cargo ao presente convenio. En caso contrario, non resultará financiable.

A presente addenda réxese en canto a súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que se establecen no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

De acordo co establecido no artigo 53 da dita lei esta addenda deberá ser remitida ao Consello de Contas nos termos que no mesmo se establecen.

CUARTA.- Final

Todas as mencións do convenio asinado o 11 de outubro de 2023 feitas á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, hai que entendelas realizadas á actual Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, en virtude do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (publicado no DOG núm. 73, do 14 de abril).

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado na presente addenda, asínana dixitalmente

Román Rodríguez González
Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Ricardo José Cao Abad
Reitor da Universidade da Coruña (UDC)

Antonio López Díaz
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela (USC)

Joaquín Reigosa Roger
Reitor da Universidade de Vigo (UVIGO)

ANEXO

Descrición do perfil do persoal de reforzo das estruturas de investigación

A proposta da Universidade da Coruña (UDC) está deseñada para reforzar as áreas transversais que dan un soporte máis directo aos centros de investigación (CIGUS e colaborativos) por medio da incorporación de catro novas prazas.

Estas prazas teñen como obxectivo fortalecer o apoio ao centros de investigación, co fin de responder de forma máis rápida a crecente necesidade por aproveitar adecuadamente os recursos dispoñibles nos seguintes ámbitos:

- Racionalizar aspectos da xestión económica dos Centros en ámbitos comúns tales como a contabilidade analítica e a determinación do valor e alcance dos costes indirectos.
- Potenciar a colaboración no ámbito científico entre varios centros de tal xeito que se posibilita impulsar cada vez máis proxectos innovadores e de alto impacto nos que se agreguen distintas capacidades.
- Mellorar a consistencia dos datos que integran os paneis de indicadores da actividade dos Centros e harmonizar as fontes de procedencia de ditos datos.

Cada unha das prazas está deseñada para abordar estas áreas específicas da xestión integrada dos Centros CIGUS e Colaborativos facilitando un soporte eficiente cunha visión global das súas necesidades.

Praza 1

Destino físico: ESCI. Vicexerencia de xestión da investigación

Perfil: Coñecementos en materia económica para realizar unha análise e seguimento da contabilidade analítica, así como dos custos indirectos.

Funcións: Apoio na xestión da contabilidade analítica dos centros e calculo da análise dos custos indirectos.

1. Indicadores cualitativos

- Presentación en tempo e forma da contabilidade analítica dos Centros ante os seus Consellos Reitores.

2. Indicador cuantitativo

- Número de unidades da UDC que subministran datos para a elaboración da contabilidade analítica.
- Número de centros sobre os que se implanta a contabilidade analítica.

Praza 2

Destino: ESCI. Rede de centros e unidades I+D+i

Perfil: Xestión de proxectos ou actividades colaborativas entre distintos socios en contextos complexos.

Funcións: Potenciar o desenvolvemento de accións intercentros.

1. **Indicadores cualitativos**

- Creación e dinamización de grupos de traballo para a posta en marcha de actividades conxuntas.

2. **Indicador cuantitativo**

- Número de proxectos cooperativos impulsados.
- Inversión en proxectos cooperativos impulsados.

Praza 3

Destino: ESCL. Rede de centros e unidades I+D+i

Perfil: Capacidade analítica e de xestión documental en diversos ámbitos de aplicación que permita un rexistro adecuado de amplas fontes de información.

Funcións: Mellora da eficiencia na captación dos datos para os paneis de indicadores: económicos e produción científica, fundamentalmente.

1. **Indicadores cualitativos**

- Presentación en tempo e forma do Sistema REDCIDI actualizado.

2. **Indicador cuantitativo**

- Número de unidades da UDC que subministran datos ao Sistema REDCIDI.
- Número de subsistemas integrados na xestión de paneis de indicadores.

Praza 4

Destino: ESCL. Oficina de Proxectos Internacionais

Perfil: Persoa con experiencia na tramitación de proxectos.

Funcións: apoio na xestión e captación de proxectos internacionais, dando soporte aos Centros CIGUS e Colaborativos.

1. **Indicadores cualitativos**

- Mellora do apoio técnico e administrativo que reciba o persoal investigados dos centros, tanto para a preparación de solicitudes coma na posterior xestión dos proxectos concedidos.

2. **Indicador cuantitativo**

- Número de proxectos solicitados.
- Número de proxectos xestionados.

A proposta da Universidade de Santiago de Compostela (USC) expón que tras a publicación de dúas convocatorias nos anos 2016 e 2019, impulsouse un modelo de centros de investigación de excelencia en Galicia, baixo a marca da Rede CIGUS (Centros de Investigación do Sistema Universitario Galego), actualmente integrada por dez centros de investigación das tres universidades galegas dos que cinco corresponden á Universidade de Santiago de Compostela. Estes datos permiten confirmar que o peso crecente do financiamento da I+D universitaria constitúe una

panca para o impulso da investigación en excelencia. Así, a Rede CIGUS visibiliza a investigación universitaria de excelencia desenvolvida no territorio e concrétese nunha firme aposta polo crecemento económico, o benestar social e o desenvolvemento futuro de Galicia.

Á vista do anterior, tendo en conta a dispoñibilidade económica e o reparto entre as tres universidades públicas do SUG, realízase una proposta convenio baseada nas seguintes necesidades:

A) Incremento de tres contratos para o apoio á xestión de programas e centros/institutos de investigación con destino nos centros CIGUS

Ao incremento continuado da actividade investigadora nos centros pertencentes á Rede de Centros de Investigación do SUG (Rede CIGUS) tanto na captación de recursos como na diversidade dos axentes financiadores, cabe engadir a obriga de adaptarse aos cambios normativos dos últimos anos, que afectan moi especialmente á contratación do persoal investigador e á xestión económica e administrativa adecuada das distintas fontes de recursos, levaron a considerar a necesidade de **promover actuacións de organización interna na USC dirixidos a descentralizar nos propios centros determinados procedementos de xestión.**

Deste xeito será posible un maior nivel de autonomía para axilizar e mellorar o seu funcionamento e capacidade de resposta ante necesidades que en determinados casos non pode ser atendidas de forma máis individualizada desde as áreas e unidades centralizadas de promoción e xestión da I+D, que deben atender ao conxunto das estruturas e grupos de investigación da USC.

Este foi precisamente un dos aspectos demandados tras o proceso de avaliación das actividades de seguimento dos centros que integran a Rede CIGUS realizado no ano 2022

Á vista do anterior, e tendo en conta o número de centros acreditados na Universidade de Santiago de Compostela, propónse o desenvolvemento dun proceso de descentralización co obxectivo de contribuír **á organización das unidades de xestión dos centros e potenciar as súas capacidades técnicas, relacionais e administrativas** que permitan unha maior autonomía no seu funcionamento cotián para acadar os obxectivos da súa planificación estratéxica.

A Universidade de Santiago de Compostela precisa para este obxectivo unha inxección adicional para o financiamento de 3 técnicos/as superiores de xestión que actuarán de coordinadores/as nos centros CIGUS.

B) Incremento dun contrato para transferencia e emprendemento con destino no CIMUS

En relación coa capacidade de Transferencia e emprendemento do Centro Singular de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CiMUS) o Grupo de Investigacións Biomédicas, leva desenvolvendo nos últimos 10 anos unha investigación relacionada co cancro de tiroides anaplásico (ATC).

Para isto é necesario o apoio de persoal experto en modelos de carcinoma humano en rato, e en inxección intravenosa gota-a-gota (Categoría C de experimentación animal).

Por este motivo, precísase a contratación na área de actuación de Transferencia e emprendemento dun/ha investigador/a asociado/a durante un período máximo de 18 meses comezando a contar en setembro de 2024.

No relativo á proposta de indicadores para os 4 contratos os resultados mediranse a través dos seguintes:

1. Técnicos/as Superiores de Xestión con destino en centros CIGUS:

Número de convocatorias de RRHH xestionados

Número de proxectos, contratos e convenios xestionados

2. Investigador/a Asociado/a

Recursos captados nos centros e programas de investigación

A proposta da Universidade de Vigo (UVIGO) recolle o seguinte:

Prazas estimadas con cargo á Addenda

Número de prazas convocadas	Número de meses aproximado	Número de prazas aproximado (dous anos de contrato)	Denominación do posto	Centro	Indicador cualitativo	Indicador cuantitativo
3	60	2,5	Apoio a Centros CIGUS en tarefas de xustificación, promoción e estratexia	Vicerreitorado de Investigación, Transferencia e Innovación	Incremento, en porcentaxe, do número de actividades en colaboración, realizadas polos Centros CIGUS	Número de actividades en colaboración, realizados polos Centros CIGUS

1	24	1,0	Apoio a Centros CIGUS en tarefas informáticas	Vicerreitorado de Investigación, Transferencia e Innovación	Incremento, en porcentaxe, do número de procesos optimizados	Número de procesos optimizados
---	----	-----	---	---	--	--------------------------------

POSTOS DE TRABAJO Nº 1, 2 e 3

Denominación do posto de traballo: Apoio a Centros CIGUS en tarefas de promoción, xustificación e estratexia

Funcións a realizar:

- Organización de xornadas e outros eventos para promover a colaboración entre Centros CIGUS e entre estes, e outras estruturas de investigación da UVigo.
- Apoio na configuración e elaboración de propostas a convocatorias competitivas nas que de xeito colaborativo ou independente participen os Centros CIGUS e outras estruturas de investigación da UVigo.
- Apoio no desenvolvemento de plans de acción e estratexia dos centros.
- Seguimento na preparación dos datos e a documentación necesaria para os Consellos Reitores, as avaliacións e outras situacións comúns aos Centros CIGUS.
- Apoio para o recoñecemento e expansión da marca ou etiqueta "Centro CIGUS" tanto internamente como cara o exterior.
- Recompilación, estruturación e análise de datos relacionados cos Centros CIGUS para uso interno e para a obtención de indicadores.
- Apoio no seguimento, xeración de documentación e xustificación relacionada con axudas recibidas para os Centros CIGUS.
- Outras tarefas, do mesmo tipo cas anteriores, relacionadas cos Centros CIGUS da UVigo.

Centro de traballo: Vicerreitorado de Investigación, Transferencia e Innovación, Vigo

Indicador cualitativo: Incremento, en porcentaxe, do número de actividades en colaboración, realizadas polos Centros CIGUS

Indicador cuantitativo: Número de actividades en colaboración, realizadas polos Centros CIGUS

POSTO DE TRABAJO Nº 4

Denominación do posto de traballo: Apoio a Centros CIGUS en tarefas informáticas

Funcións a realizar:

- Xestión, modificacións e mellora de bases de datos e aplicacións de uso común dos Centros CIGUS.
- Apoio aos Centros CIGUS na automatización de procesos internos.
- Desenvolvemento e/ou adaptación de aplicativos informáticos.
- Apoio na xestión, modificacións e mellora de páxinas web e plataformas de uso común dos Centros CIGUS.
- Apoio na virtualización da información dos Centros CIGUS.
- Outras tarefas necesarias relacionadas coas descritas nos puntos anteriores.

Centro de traballo: Vicerreitorado de Investigación, Transferencia e Innovación, Vigo

Indicador cualitativo: Incremento, en porcentaxe, do número de procesos optimizados

Indicador cuantitativo: Número de procesos optimizados.